

Corrección erros.-Orde do 8 de abril de 2010 pola que se modifica a Orde do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (Altica quercetorum Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 69, do 14 de abril de 2010, cómpre facer a seguinte modificación:

Na páxina 5.806, no artigo 2, onde di:

«b) Ourense: Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, A Merca, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Celanova, Ourense, Amoeiro, Cartelle, Taboadela, A Bola e Allariz.»

Debe dicir:

«b) Ourense: Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, A Merca, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Celanova, Ourense, Amoeiro, Cartelle, Taboadela, A Bola, Allariz e Toén.»

Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento de actuacións destinadas á protección e benestar dos animais domésticos realizadas por asociacións protectoras de animais domésticos, e se procede á súa convocatoria para 2010.

En Galicia a protección e benestar dos animais domésticos regúlase na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro e o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve. Esta normativa recolle as atencións mínimas que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirlles uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o de posesión ou tenza responsable.

Non obstante o anterior, o abandono dos animais orixina graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública, seguridade viaria e medio ambiente.

Os artigos 11 e 12 da Lei 1/1993, do 13 de abril, establecen que a competencia para a recollida dos animais abandonados corresponde aos concellos. Para estes efectos, os concellos poden concertar convenios de cooperación ou colaboración coa Consellería do Medio Rural, con asociacións de protección e defensa dos animais ou con outras entidades autorizadas para este fin. Porén, a maior parte dos concellos carecen de infraestruturas e centros de recollida de animais abandonados, o dito servizo público é prestado maioritariamente por asociacións protecto-

ras de animais, que contan con medios e axudas económicas moi escasas para o adecuado mantemento dos animais acollidos baixo o seu coidado.

O artigo 13.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, define as asociacións protectoras de animais como aquelas que se constitúen legalmente, sen fin de lucro, que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio no que viven, sendo consideradas de utilidade pública e benéfico-docentes.

Polo exposto, e malia as dificultades e limitacións coas que as asociacións protectoras desenvolven as súas actividades, é indubidable que realizan un labor de gran interese social. Feito que fundamenta esta orde de axudas.

O artigo 14 da Lei 1/1993, do 13 de abril, establece que todas as administracións públicas no territorio de Galicia deben cooperar no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais.

Segundo o disposto no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, corresponde a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a defensa e protección dos animais de compañía.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal está representada polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e principios de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer unha liña de axudas destinada a garantir o correcto mantemento sanitario e nutricional dos animais de compañía abandonados e recollidos polas asociacións protectoras de animais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, entenderase por animais de compañía os pertencentes ás especies canina e felina, subvencionándose os gastos de atención sanitaria e mantemento nutricional destes.

3. As axudas previstas nesta orde tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.